



CORRECCIÓN ERROS NAS INSTRUCIÓNS 1/2024 COMEDORES XESTIÓN DIRECTA e 2/2024  
COMEDORES XESTIÓN INDIRECTA

Advertidos erros materiais nas Instrucións 1 e 2 do 2024 (1/2024 e 2/2024) do 1 de xuño, procédese a súa corrección segundo se detalla:

Instrución 1/2024:

Na **páxina 27** relativa ao concepto de unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita, no apartado 2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal, no parágrafo onde pon:

"- A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1)

Deberá dicir:

"- A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1), no caso de custodia compartida computar os 2."

Na **páxina 28** Eliminamos: - *"Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1). O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida. Polo tanto, o proxenitor que na súa declaración da renda sinale ao alumno usuario do servizo como membro da súa unidade familiar é o que debe figurar nos rexistros de comedor como declarante ou responsable do mesmo a efectos de cálculo da renda per cápita".* para ser congruentes co establecido no parágrafo que acabamos de corrixir

E deberá dicir:

*"Nas parellas de feito que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1) formarán unha unidade familiar. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida."*

Na instrución 2/2024 as páxinas das corrección son a 18 e a 19

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura electrónica

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López



\_\_\_\_\_  
Lugar Beluso-Bueu  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**ASUNTO: REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.**

NOME E APELIDOS ALUMNO/A: \_\_\_\_\_

CURSO 2024/25: \_\_\_º Educación Primaria

Presentada por \_\_\_\_\_ solicitude de praza para o comedor escolar do próximo curso 2024/25 para a alumna \_\_\_\_\_, comunícaselle que foi iniciado o procedemento para a resolución da mesma.

Logo de examinada a súa solicitude, e á vista do establecido na normativa de desenvolvemento do Decreto 132/2013, do 1 de agosto así como na Instrución 1/2024 de 1 de xuño da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa do curso 2024/25, obsérvase que a mesma non se acompaña dalgúns documentos imprescindibles para a tramitación da correspondente solicitude, polo que deberá presentar presencialmente no centro a seguinte documentación:

- Anexo II modelo de autodeclaración e especificacións debidamente cuberto coa identificación de todos os membros da unidade familiar no exercicio 2023 (achégase o anexo II).
- Modelo 100 Declaracións de IRPF presentadas na Axencia Tributaria correspondentes ao exercicio **2023** de todos os membros da unidade familiar.

A documentación solicitada deberá presentarse no prazo de **10 días naturais**, advertíndolle esta Dirección que de non facelo, será a súa solicitude encadrada de oficio no tramo de pagamento correspondente a **4,50 € por día de servizo** tal como establece o punto 6.1 da Instrución 1/2024.

En Beluso, a \_\_\_\_\_ de xullo de 2024

O/A director/a

\_\_\_\_\_